

É un encontro de co-aprendizaxe que vencella a profesorado, personal investigador, alumnado e familias para conxuntamente reflexionar sobre liñas pedagóxicas estratéxicas.

O seu obxectivo é conectar, visibilizar e confrontar distintas investigacións e praxes transdisciplinares entre a educación, comunicación, creación contemporánea e as tecnociencias.

Ofrece un espazo dende o cal dinamizar a nosa cultura audiovisual, dixital e online, a través do empoderamento tecnolóxico, valorizando especialmente os coñecementos locais e facilitando a interacción entre xeracións.

Esta edición artéllase en torno á liña estratéxica da educomunicación na intersección coas tecnociencias.

DIRIXIDO A:

- Comunidade educativa: profesorado en activo e persoas desempregadas. .
- Profesionais da educación, comunicación, tecnociencia e creación.
- Persoal investigador do ámbito universitario, museístico ou independente.
- Movementos sociais e axentes sociais diversos.
- Persoas interesadas en reflexionar sobre estes eixos epistemolóxicos.



pingueira.airoa.gal
neg.gal


Coordinan



Apoian



Colaboran



23 e 24 de setembro en Chantada, Lugo

Educomunicación, tecnociencias, pedagogía crítica,
educación transdisciplinar, adolescencia, TIC,
creación contemporánea, comúns, software libre, creatividade,
saberes, ruralidade

Matrícula

Do 22 de agosto ao 20 de setembro.

Prazas: 60

Horas: 12h (en trámite de homologación como actividade de formación).

Aportación

Ordinaria: 50 €

Persoas desempregadas e estudantes: 40 €

Socios/as de Nova Escola Galega: 30 €

Número de conta

Titular: Nova Escola Galega

IBAN ES77 2080 0300 85 3040089500

A matrícula inclúe unha cea de benvida o venres 23 e a comida do día 24.

Lugares

I.E.S Val do Asma, Chantada.

Ecomuseo de Arxeriz, O Saviñao (Lugo).

Contactos

981 562 577
neg@neg.gal
airoa@airoa.gal



COLOQUIO: NOVOS USOS E NOVOS HÁBITOS DE CONSUMO DAS PANTALLAS por Francesc – J. Deó.

Persoas destinatarias: pais, nais e educadores/as.

Data: Xoves 22, ás 18h.



VENRES 23 de SETEMBRO

SALÓN DE ACTOS, I.E.S Val do Asma

16:30h. Recollida de Acreditacións

17h. Presentación do Encontro a cargo de representante de Nova Escola Galega e Mercedes Vázquez de Airoá Comunicación.

17:30h. Conferencia inaugural “**Aprendizaxes entrópicas para ecosistemas sociais**” a cargo de Irene Lapuente.

19h. Táboa redonda : De disciplinas estancas a proxectos transdisciplinares ACTS (artes + ciencias + tecnoloxías e sociedade). Participan: Irene Lapuente, Tucho Méndez e Javier Conde. Coordina Andrea Olmedo.

AUDITORIO MUNICIPAL

20:30h. Concerto.

“OS PENDELLOS”

Parque de Eloísa Rivadulla

22h. Recepción/cea de benvida.

SÁBADO 24 de SETEMBRO

SALÓN DE ACTOS, I.E.S Val do Asma

10h. Introducción da xornada a cargo de representante de Nova Escola Galega e Mercedes Vázquez de Airoá Comunicación.

10:15h. Táboa redonda : Aulas conectadas e multimedia. Experiencias de proxectos pioneiros de educomunicación. Participan: Francesc-Josep Deó, Manolo González e María Rita González. Coordina Alba Sánchez.

11:30h. Pausa café.

12h. Presentación de proxectos I.

14h. Saída dinamizada a Arxeriz.

ECOMUSEO DE ARXERIZ

14:30h. Xantar e visita guiada a Ecomuseo de Arxeriz.

16h. Táboa redonda : Transmisión interxeneracional do patrimonio rural a través das tecnoloxías da información e o coñecemento. Participan: José Antonio Quiroga, Xosé Manuel Rosales e Silvia Villar. Coordina Velaísca.

17:30h. Presentación de proxectos II.

18:30h. Conferencia de clausura “**Divulgación científica a través da relación entre a ciencia e a arte contemporánea**” a cargo de Deborah García.

19:30h. Dinámica de conclusións.

20h. Saída a Chantada.